



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación das bases e inicio do proceso selectivo para a contratación dun/ha electricista e tres albaneis/elas (oficiais de segunda) ao abeiro do programa PEL-Concellos 2026.

EXPEDIENTE: 2026/E001/000001

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000141

Tendo en conta que no BOP nº 38 do 26 de febreiro de 2026 se publicou a resolución de presidencia nº 2026/7246 do 23.02.2026 pola que se aproba a concesión a este Concello dunha subvención de 40.000€ para a contratación de catro oficiais de segunda (tres albaneis e un electricista) ao abeiro das bases reguladoras do programa PEL-CONCELLOS de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia durante o exercicio 2026 aprobadas mediante resolución de Presidencia nº 47202, de 13/10/2025 publicada no BOP nº 197 do 15 de outubro de 2025, así como do extracto da resolución pola que se convoca o programa de subvencións á contratación (BDNS 862486) (BOP nº 200 do 20 de outubro de 2025).

Vistas as bases elaboradas polo departamento de Persoal e RRHH e o informe xurídico asinado pola técnica xurídica o 25 de marzo de 2026 onde se “(...) *informan de xeito favorable as bases do proceso selectivo para a contratación dun/ha electricista e tres albaneis/elas (oficiais de segunda) e formación de bolsa de emprego durante os seis meses que dura o programa de traballo PEL-Concellos 2026 durante a presente anualidade.*”

Logo de que pola intervención municipal se emitise informe con data do 26 de marzo de 2026 onde se “(...) *fiscaliza de conformidade a contratación de persoal citada. (...)*”.

A vista do anterior, en uso das facultades que me outorga o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Advocar singularmente neste caso a atribución delegada na Xunta de Goberno

Páxina **1** de **13**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Local mediante o meu decreto 487/2025, do 04 de novembro de 2025, correspondente a “*aprobación da oferta de emprego público, das bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo*”.

SEGUNDO.- Aprobar as bases, que quedan incorporadas como anexos a esta resolución, e autorizar o gasto correspondente para iniciar o procedemento de selección dun/ha electricista e tres albaneis/elas (oficiais de segunda) durante seis meses e a xornada parcial.

TERCEIRO.- Designar como instrutora dos expedientes, a efectos do indicado na base sétima, á técnica xurídica do Concello dona Sonia Campos Ares.

CUARTO.- Remitir ao servizo público de emprego de Galicia a correspondente oferta de emprego para a remisión de candidatos mais poderán presentarse todas as persoas interesadas que cumpran cos requisitos recollidos nas bases.

QUINTO.- Ordenar a continuación do procedemento de selección de conformidade coas bases aprobadas publicando anuncio deste acordo no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello para que as persoas interesadas poidan presentar as súas solicitudes de participación no prazo establecido a partir da publicación destes anuncios.

SEXTO.- Dar conta deste decreto á Xunta de Goberno Local e ao pleno do Concello.

Carral, na data da sinatura dixital que figura á marxe

O alcalde

José Luís Fernández Mouriño

Dou fe, a secretaria acumulada

Eva Jardón López



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

ANEXO

BASES DE SELECCIÓN QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE CATRO TRABALLADORES/AS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA (PEL-CONCELLOS 2026) DO PLAN DE EMPREGO LOCAL.

1.-OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal para o departamento de Obras e Servizos de:

- tres albaneis e un electricista (oficiais de segunda)
- xornada parcial, trinta horas á semana, durante seis meses
- contratación no marco de programas de emprego ao abeiro do Real Decreto 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, código 505 (base 3.3 das reguladoras do programa PEL-Concellos).

O sistema de selección será o de concurso-oposición, condicionando o contrato á subvención concedida pola Excelentísima Deputación Provincial da Coruña a través da resolución de presidencia nº 2026/7246 do 23.02.2026 pola que se aproba a concesión a este Concello dunha subvención de 40.000€ para a contratación de catro oficiais de segunda (tres albaneis e un electricista) ao abeiro das bases reguladoras do programa PEL-CONCELLOS de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia durante o exercicio 2026 aprobadas mediante resolución de Presidencia nº 47202, de 13/10/2025 publicada no BOP nº 197 do 15 de outubro de 2025, así como do extracto da resolución pola que se convoca o programa de subvencións á contratación (BDNS 862486) (BOP nº 200 do 20 de outubro de 2025).

A contratación, subvencionada pola Excelentísima Deputación Provincial da Coruña, está integrada no Plan de Emprego Local cuxo obxectivo principal é continuar apoiando aos concellos da provincia, na contratación de persoal preferentemente para a prestación de servizos municipais esenciais durante o período de 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026. A Deputación da Coruña pretende colaborar cos concellos na contratación de persoal en risco de exclusión para a execución de obras e servizos mínimos municipais imprescindibles de todos os concellos da



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

provincia sen deixar ningún atrás. O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos provendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

2.- REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS

2.1.- Os traballadores e traballadoras que se contraten **deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego ademais de atoparse nalgunha das seguintes situacións de risco de exclusión laboral** de acordo co establecido no punto 3.2 da bases específicas da convocatoria da subvención:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Menores de 30 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

2.2.- Así mesmo tamén será preciso reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles na data de inicio do proceso selectivo, e que estean debidamente xustificadas:

- a) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.
- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto obxecto desta convocatoria.
- c) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

d) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente.

3.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Unha vez publicado simultaneamente o correspondente anuncio no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello sito en www.carral.es, iníciase o prazo para a presentación de solicitudes que será de **CINCO (5) DÍAS HÁBILES a contar dende a publicación de anuncio no BOP**. As persoas interesadas terán a súa disposición no taboleiro do Concello e nas oficinas municipais as bases co modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

As persoas que desexen participar nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Carral que se presentará no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O Concello cursará oferta ao Servizo Público de Emprego unha vez se aproben as presentes bases mais tamén poderá presentarse calquera persoa que cumpra cos requisitos no prazo habilitado ao efecto.

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes e se realizará unha proba práctica.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo de tal maneira que, se algún dos seleccionados causa baixa por IT, maternidade, renuncia, etc, o Concello tirará desa bolsa para cubrir o posto vacante e polo tempo límite da subvención da Excelentísima Deputación da Coruña, isto é, nunca superior aos seis meses subvencionados e como máximo ata o 31 de decembro de 2026. Seleccionarase ao/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ao final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se achega a estas bases (anexo I) e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Carral en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres así como por calquera dos medios que establece o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Xunto coa instancia **deberá achegarse** a seguinte documentación:

- a) DNI ou documento que acredite a súa identidade.
- b) Anexo II. Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- c) Acreditación de pertencer a algún dos colectivos do punto 2.1 destas bases:

Mulleres, persoas maiores de 45 anos e menores de 30 anos	DNI
Parados desempregadas de longa duración	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Certificado de minusvalía expedido polo órgano competente
Persoas en situación de drogodependencia, persoas que vivan nun fogar onde ningunha delas teña emprego, persoas en fogar monoparental, persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas vítimas de violencia de xénero , persoas sen fogar	Informe dos servizos sociais municipais

ou calquera outra documentación que poida acreditar as circunstancias recollidas anteriormente.

- d) Documentación que acredite que se remataron favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas.
- d) Contratos de traballo acompañados de informe de vida laboral actualizado.
- e) Tarxeta xustificativa de ser demandante de emprego.
- f) Certificado de coñecemento da lingua galega Celga 1 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo co disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) publicada no DOG nº34 do 19 de febreiro de 2019.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Non se admitirá máis documentación que a presentada con anterioridade á data límite de presentación de solicitudes.

No caso de persoas con discapacidade que precisen algún tipo de apoio para o desenvolvemento das probas deben facelo constar no momento da presentación de instancias para poder adaptar as probas as súas necesidades e concorrer en condicións de igualdade.

5.- BAREMO XERAL DE MÉRITOS: (10 puntos)

5.1.-Proba práctica: (6 puntos)

A proba práctica será sobre traballos propios destes postos e terá unha duración máxima de quince minutos podendo o tribunal realizar preguntas de aplicación práctica. A valoración desta proba será do seguinte xeito:

- Destreza na realización da proba (1,5 puntos)
- Adecuación da elección dos materiais empregados (1,5 puntos)
- Axilidade na realización dos traballos (tempo empregado na realización do traballo) (1,5 puntos)
- Adecuación das respostas ás preguntas prácticas realizadas polo tribunal (1,5 puntos)

Os candidatos que superen esta proba e non acrediten o nivel de lingua galega Celga 1 serán automaticamente convocados para a realización da proba de galego.

5.2.- Experiencia profesional e formación especializada: (4 puntos)

– 0,015 puntos por mes traballado en postos con funcións iguais ou similares aos que se pretende ocupar: ata un máximo de 2,0 puntos.

– 0,015 puntos por hora de formación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas e por cursos relacionados coas funcións propias dos postos a ocupar: ata un máximo de 2,0 puntos.

A estes efectos, só se computará o mes completo de traballo, que terá unha duración de trinta días, a xornada completa.

A experiencia laboral acreditarase coa presentación simultánea dos contratos de traballo e da vida laboral actualizada e a realización dos cursos co certificado de asistencia ou diploma. Os cursos que non recollan as horas non serán computados e só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ao servizo das administracións públicas e universidades). En canto á experiencia profesional, os/as aspirantes con experiencia profesional nunha categoría superior á que se presentan computaralles para ese posto mais non ao contrario.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

5.3 Coñecemento da lingua galega. Nivel Celga 1.

Os aspirantes que non poidan acreditar o coñecemento do galego, nivel Celga 1, deberán de acreditalo mediante a realización dunha proba de galego que terá carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo valorada como apto/a ou non apto/a. Dita proba consistirá nunha entrevista en galego que se realizará o mesmo día da proba práctica.

Neste punto o tribunal poderá solicitar asistencia como asesoría con voz sen voto para a preparación, realización e valoración da proba de galego.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

1.-Os membros do órgano de selección serán designados pola Alcaldía, ao abeiro do establecido nos artigos 60 e 61 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e a súa composición publicarase no taboleiro de anuncios do Concello. Tenderase a que os membros do tribunal sexan persoal do propio Concello, non tendo dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o RD 462/2002, do 24 de maio.

2.-Na composición do órgano de selección promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes, segundo a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir no procedemento cando concorran as circunstancias que prevé o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, notificándoo á autoridade que os convoca. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

4.- O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan. Cada sesión do tribunal recollerase na correspondente acta, sen que poida levantarse máis dunha acta por sesión.

5.- O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes.

6.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases adoptando os acordos que resulten procedentes.

7.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

No decreto de aprobación destas bases designarase a unha persoa encargada de recibir e comprobar a presentación polos/as candidatos/as da documentación requirida e de realizar unha valoración preliminar das solicitudes, valoración que deberá presentar á alcaldía unha vez rematado o prazo de solicitudes de instancias.

O alcalde ou órgano delegado ditará a resolución pola que se aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

excluídas que se fará pública no taboleiro do Concello, outorgándose un prazo de dous días hábiles para correccións ou emendas nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. De non existiren candidatos/as excluídos/as, a listaxe provisional elevarase automaticamente a definitiva. As reclamacións, de existiren, resolveranse na resolución pola que se aproba a listaxe definitiva que se publicará da mesma forma que a provisional. Nesta mesma resolución recollerase a composición do tribunal e o lugar, hora e a data da celebración da proba práctica e da proba de galego.

Previamente á proba práctica, os membros do tribunal reuniranse para valorar a documentación presentada coa instancia para participar no presente procedemento. A valoración destes méritos publicárase de forma global coa puntuación acadada na proba práctica conferíndolle a todos/as os/as interesados/as un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou alegacións.

Finalmente, o alcalde ou órgano delegado resolverá a contratación da persoa que maior puntuación acadase nesta selección.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección levaranse a cabo, exclusivamente, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello (www.carral.es).

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia a aquela persoa candidata que máis antigüidade teña como inscrita no Servizo Público de Emprego.

8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Os aspirantes propostos para ocupar os postos deberán presentar no rexistro do Concello a seguinte documentación:

- a tarxeta de desemprego.
- a tarxeta da seguridade social
- certificado orixinal de titularidade de conta bancaria así como número IBAN.

De non presentarse dita documentación pola persoa con maior puntuación no prazo de dous días hábiles procederase ao chamamento da seguinte persoa con maior puntuación no procedemento de selección.

9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior e, previa fiscalización preceptiva da intervención municipal, formalizarase o contrato entre o Sr. alcalde do Concello e os aspirantes seleccionados. Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ao posto, os aspirantes non terán dereito á percepción económica algunha. Despois, mensualmente, recibirán o importe total bruto de 1.214,57€ (incluída a parte proporcional da paga extra).

10.- PROTECCION DE DATOS



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Carral, coa finalidade de participar no presente proceso de selección. Mediante a participación no procedemento de selección, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten, neste caso o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de edictos do Concello e diarios oficiais, a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo departamento de persoal do Concello de Carral, con sede na Praza Campo da Feira 1, Carral (A Coruña), onde poderá exercitar en todo momento os dereitos que a Lei lle outorga (dereitos de acceso, rectificación, cancelación, limitación do tratamento e portabilidade) ou remitindo un correo electrónico a dpo@carral.es.

11.- NORMA FINAL E RECURSOS_

Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuidade do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

En todo o non previsto nas presentes bases o tribunal quedará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se poidan presentar e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; procurando, na media do posible, o anonimato dos/as aspirantes durante a realización e corrección das probas selectivas. E todo isto, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Contra a resolución que aprobe as presentes bases, que poñen fin á vía administrativa e cantos actos administrativos deriven das mesmas, os interesados poderán interpoñer, alternativamente, o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes dende a súa publicación ou notificación, ante a alcaldía, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), ou recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación ou da notificación da resolución do recurso de reposición ou da data en que este se entenda desestimado, ante o Xulgado do contencioso administrativo de A Coruña, de conformidade co art.46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

Carral, na data da sinatura dixital que figura á marxe

Páxina **10** de **13**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

O alcalde

José Luís Fernández Mouríño

ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE

Don/dona, con DNI nº e domicilio a efectos de notificación en con número de teléfono dirección de correo electrónico

EXPÓN que enterado/a da convocatoria para a provisión de prazas de persoal laboral temporal ao abeiro do programa PEL-CONCELLOS 2026 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia e considerando que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da presente convocatoria

DECLARA coñecer as bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete ao seu cumprimento e acompaña a seguinte documentación:

- DNI
- titulación esixida
- certificado de escolaridade ou equivalente
- declaración xurada segundo o anexo II
- celga 1
- xustificante do estar inscrito como demandante de emprego
- xustificante de estar nalgunha situación de exclusión sinalada na base 2.1

SOLICITA a súa admisión ás probas de referencia para o posto de traballo indicado (sinalar proceso selectivo o que se presenta):

- oficial de segunda/albanel
- oficial de segunda/electricista

Cláusula xeral: De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Carral, coa finalidade de participar no presente proceso de selección. Mediante a participación no procedemento de selección, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten, neste caso o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de edictos do Concello e diarios oficiais, a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Carral, de de 2026

O/a aspirante

Asdo.....

Páxina **11** de **13**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO CARRAL

ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA

Don/dona, con DNI nº e domicilio a efectos de notificación en con número de teléfonoe dirección de correo electrónico

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da presente convocatoria..

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto.

Que non fun separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Carral, de de 2026

O/a aspirante

Asdo.....



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO CARRAL